



ASEMBLEA INFORMATIVA

Sobre as características do aproveitamento hidroeléctrico no río Eo, as súas consecuencias para o cauce do río, as fincas afectadas, o Patrimonio Cultural e Natural da zona e as posibles alegacións a presentar.

SÁBADO, 15 DE MAIO

ÁS 5 DA TARDE NA ESCOLA VELLA

CHAO DO POUSADOIRO

PRESENTA:

XIANA RODIL FERNÁNDEZ

INTERVÉN:

DANIEL LÓPEZ VISPO

Profesor de Física e Química.

Membro de Adegas

**NA DEFENSA DO RÍO EO
NON A CENTRAL ELÉCTRICA**



Concentración en defensa do Río Eo, celebrada o pasado sábado día 8 de maio.

O 15 de marzo de 1922 foi concedido a José Otero Pereiro un caudal de 10.060 litros/segundo do Río Eo para a construción dunha central hidroeléctrica. A concesión era por 99 anos con un máximo de 7 anos para executar as obras.

En novembro de 2004, 82 anos despois, a Confederación Hidrográfica do Norte (CHN) inicia o expediente de extinción do aproveitamento hidrolóxico ao estar a explotación interrompida durante máis de 3 anos (nunca chegou a funcionar).

En marzo de 2005, Miguel García-Gesto Fraga solicita o cambio de titularidade da concesión ao seu nome e a rehabilitación do dereito de explotación da mesma. En abril daquel mesmo ano a C.H. do Norte resolve aprobar a transferencia do aproveitamento a Miguel García-Gesto Fraga con carácter provisional, paralizando o expediente de caducidade.

No Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 86, do 17 de abril de 2010, aparece publicado anuncio da Confederación Hidrográfica do Cantábrico polo que se somete a información pública conxunta o Proxecto e Estudo de Impacto Ambiental da solicitude de rehabilitación do dereito de concesión, autorización e declaración de utilidade pública do citado aproveitamento hidroeléctrico no río Eo, que afecta a zona comprendida entre As Insuas e o lugar de Mende.

O aproveitamento afecta directamente a un importante tramo do río Eo, aproximadamente 12 Km., a 255 fincas cun total de 117.200 metros cuadrados e a un espazo natural declarado Rede Natura e Reserva da Biosfera.

O prazo para presentar alegacións remata o martes día 18 de maio de 2010.